

## *Visitas guiadas ó Patrimonio Histórico-Artístico*

1. Visita ó Cruceiro do Cristo dos Aflixidos e á Casa Museo Etnográfico “Pazo da Cruz”.

**Domingo 2 de xullo e sábado 12 de agosto.** A entrada ó museo é de 2 euros adultos e 1 euro nenos.

2. Visita guiada á arte Románica e Barroca: Santuario da Nosa Señora ao pe da Cruz de Baldomar, ruínas da igrexa de Casteláns e ó Conxunto Abacial de San Martiño de Barcia de Mera.

**Sábado 15 de xullo e domingo 20 de agosto.**

Obs.: o 15 de xullo terá lugar un dos concertos do Ciclo de Música Religiosa de Barcia de Mera.

*O Serradoiro e a Aula da Natureza e do Patrimonio Etnográfico dos Carranos poderá visitarse por grupos previa cita en calquera momento que se solicite e sempre que sexa compatible cō resto da programación.*

*Para máis información: <http://concellodecovelo.es/carranos/index.html>*

## *Programación Turística*

### *Visitas Guiadas 2017*

#### *Teña en conta que:*

As visitas guiadas son totalmente **gratuítas**, salvo a entrada a museos e centros de interpretación que así o soliciten. Pódense facer visitas concertadas para grupos previa cita, e sempre que existan datas dispoñibles. Para todas estas visitas é indispensable a inscrición previa, dando o nome ou nomes dos participantes e un teléfono de contacto. **Os medios para inscribirse son:** a páxina de facebook **Covelo Tourism** cunha mensaxe privada; o e-mail **oficinaturismocovelo@gmail.com**; ou chamando ó tlf. **638 015 428**. Na web do concello [www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es) están dispoñibles audioguías e trípticos destas rutas de sendeirismo. É importante que a xente que se anime a participar nestas visitas traian roupa e calzado cómodos e unha botella de auga, tamén alimento se a andaina e de longa duración (máis de 3 h.). Por cuestións organizativas, meteorolóxicas ou outras causas de forza maior, poderán alterarse as datas ou suspenderse algunha das visitas planificadas, buscándose outras datas para a súa celebración sempre que fose posible.



*Covello de Covelo*

[www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es)

Plaza do Mestre Cerviño, 2

36872 COVELO


Teléfonos 986650027/47

Oficina de Turismo

638 015 428



Concello de  
**Covelo**  
[www.concellodecovelo.es](http://www.concellodecovelo.es)



percorrendo  
**novos camiños**

*Programación Turística*

*Visitas Guiadas 2017*



## RUZA PEDRA DO LOBO

**Sábado 1 de xullo e domingo 6 de agosto**

**Duración:** 3 h. **Saída:** ás 10h. dende a Praza do Mestre Cerviño. **Dificultade técnica:** media.

**Distancia:** 9 km. **aprox. Tipo de trazado:** circular.

Principia nas abas de Castro para discorrer paralelo ó río Ponte Piñeiros. No seu percorrido podemos coñecer diversos ecosistemas, coma o bosque de ribeira, as brañas, as matogueiras, os prados e o bosque de pino rojo (*pinus sylvestris*) do alto de Fontefría. Ademais deste variado patrimonio natural, compre admirar muíños, cruceiros e petróglifos, así como outras manifestacións da relación do ser humano e a natureza.

## RUZA AQA

**Sábado 8 de xullo e domingo 13 de agosto**

**Duración:** 4 h. e 30 min. **Saída:** ás 09h. dende a Praia fluvial de Maceira. **Dificultade técnica:** baixa.

**Distancia:** 12 km. **aprox. Tipo de trazado:** circular.

**Obs.:** o 13 de agosto coincide coa Festa da Virxe de Fátima en Redondo.

O percorrido da ruta AQA atravesamos un espazo natural condicionado pola presenza da auga, que actuou como modeladora dunha paisaxe de vales e valgadas. Son numerosos os elementos do patrimonio etnográfico presentes ao longo da ruta e relacionados cos usos da auga, como presas e levadas para o rego, pasos e pontellas, muíños, todos eles testemuños do íntimo vencello entre os covelenses e a auga ao longo dos séculos.

## RUZA DOS CARRANOS

**Domingo 9 de xullo, martes 15 de agosto e sábado 9 de setembro**

**Duración:** 3 h. **Saída:** ás 10h. dende a Rectoral de Fofe. **Dificultade técnica:** media. **Distancia:** 8 km. **aprox.**

**Tipo de trazado:** circular. **Inclúe visita ó Serradoiro dos Carranos.** **Obs.:** o 15 de agosto coincide coa romería da Guía de Maceira.

A andaina transcorre nas fragas do alto Tea onde poderán gozar dos valores medio-ambientais, paisaxísticos e patrimoniais do val e da serra. Pasaremos pola espectacular ponte medieval de Fofe que cruza o río Tea, visitaremos o Serradoiro e Aula da Natureza e do Patrimonio Etnográfico dos Carranos, un conxunto único pola súa singularidade.

## RUZA DO XABRIÑA

**Domingo 16 de xullo, sábado 19 de agosto e domingo 10 de setembro**

**Duración:** 4 h. **Saída:** ás 09:30h. dende Paraños.

**Dificultade técnica:** baixa. **Distancia:** 10 km. **aprox.**

**Tipo de trazado:** circular. **Inclúe visita o Lagar da Cera e o FAVUM (entrada 1€).** **Obs.:** o 16 de xullo coincide coa Festa da Virxe do Carme en Paraños e o 10 de setembro coa Romaría do Libramento na Lamosa.

Visitaremos o lugar onde traballaban os cereiros. Na andaina contemplaremos o singular cruceiro do barrio da Margarida e a Igrexa co seu pombal, para despois introducirmos polos bosques de ribeira do río Xabriña, descubriendo a cada paso a importancia da auga para o home nas diferentes construcións: pontes, pasos, levadas, fontes, muíños...

## RUZA DO RÍO ALÉN

**Domingo 23 de xullo e sábado 26 de agosto**

**Duración:** 3 h. e 30 min. **Saída:** ás 10h. dende a Capela de San Xoán de Mosteiro. **Dificultade técnica:** media-baixa. **Distancia:** 10 km. **aprox. Tipo de trazado:** circular-lineal. **Inclúe visita o Conxunto Abacial de San Martiño de Barcia de Mera.** **Obs.:** o 26 de agosto terá lugar un dos concertos do Ciclo de Música Relixiosa.

A andaina transcorrerá pola marxe fluvial do río Alén, un dos afluentes principais do Tea, dunha gran riqueza natural. Coñeceremos os vestixios culturais do paso dos cistercienses por Barcia de Mera. Pasaremos por unha ponte románica, infraestruturas dun antigo camiño medieval; e visitaremos unha "fonte santa" peculiar, xa que en vez de curar enfermidades ten a capacidade, segundo a tradición, de cumprir os nosos desexos.

## RUZA CAMIÑO DAS ESTRELAS

**Sábado 22 de xullo e domingo 27 de agosto**

**Duración:** 3 h. **Saída:** ás 10h. dende a Igrexa de San Salvador de Prado. **Dificultade técnica:** baixa.

**Distancia:** 8 km. **aprox. Tipo de trazado:** circular-lineal.

**Obs.:** o 27 de agosto coincide coa Romaría da Xestosa.

Ruta que recorre as terras do "Val do Tielas" e as primeiras fragas do río Tea. Pasaremos polo muiño do Longo, a Caldeira (fervenza) de Parrelos, a Carballeira do Rei en Prado e ponte Abuiña, e gozaremos das beiras escarpadas do Alto Tea.

## RUZA DE POZA PIÑEIRO

**Sábado 29 de xullo e 3 domingo de setembro**

**Duración:** 4 h. **Saída:** ás 09h. dende o Cemiterio de Piñeiro. **Dificultade técnica:** media-alta.

**Distancia:** 10 km. **aprox. Tipo de trazado:** circular.

**Obs.:** o 3 de setembro coincide coa Festa da Virxe da Guía de Piñeiro.

A ruta ascenderá ata a Poza ou Pozo de Piñeiro, un lago de montaña, creado artificialmente para administrar a auga procedente da parte alta da Serra do Suído para o regadío das terras agrícolas da Parroquia de Piñeiro. Co paso do tempo converteuse nunha zona húmida de gran interese paisaxístico e natural. No treito final subiremos ata a Capela de A Guía de Piñeiro para gozar das vistas panorámicas.

## RUZA FOXO DO LOBO

**Domingo 30 de xullo e sábado 2 de setembro**

**Duración:** 4 h. e 30 min. **Saída:** ás 08:30h. dende a Praza do Mestre Cerviño, para dirixirnos o punto de comezo da ruta na Graña. **Dificultade técnica:** media. **Distancia:** 11,5 km. **aprox. Tipo de trazado:** lineal.

**Obs.:** no punto de comezo da ruta, na Graña, poderá coñecer Casa Leónides e a súa fantástica Casa do Pobo.

Este fermoso percorrido permite coñecer unha mostra moi representativa do patrimonio etnográfico-gandeiro, así como natural, da Serra do Suído. Aquí poderase ver o "foxo do lobo", os "chozos" e os "sesteiros" na Serra do Suído como unha parte do aproveitamento gandeiro ancestral. Veremos pequenos ecosistemas de turbeira, e tamén o hábitat onde aínda sobreviven pequenas comunidades de lobos. Subiremos ata o alto do Coto de Bidueiros a 953 metros onde gozaremos das vistas panorámicas que nos ofrece a Serra do Suído.

Organiza :

Concellería de  
Turismo



OMIX Covelo